

## **CERTAME DE NARRATIVA “30 ANOS DE BIBLIOTECAS EN ARTEIXO”**

O Concello de Arteixo convoca un concurso de narrativa breve para conmemorar os primeiros 30 anos desde a inauguración da primeira Biblioteca Pública do Concello en 1989.

A convocatoria ten por obxecto ser unha actividade máis relacionada con outras celebracións deste evento, polo que non terá continuidade no tempo.

O concurso será levado adiante a través da Rede Municipal de Bibliotecas en colaboración cos Clubs de lectura que pertencen á mesma.

### **BASES:**

1.- Poderán participar todas as persoas maiores de idade que o desexen coa presentación dunha única obra de temática libre, escrita en galego ou castelá. As obras presentadas deberán ser orixinais e inéditas, terán unha extensión mínima de tres (3) páxinas e unha máxima de cinco (5) a un interliñado e con letra corpo 12. Presentaranse por cuatuplicado e baixo plica, é dicir, facendo constar unicamente á vista o lema na obra e nun sobre pechado, dentro do cal constarán os datos relativos á autoría (nome, DNI, enderezo e teléfono).

2.- As obras serán enviadas ou entregadas en calquera das bibliotecas que conforman a Rede Municipal ate o día 8 de marzo de 2019, facendo constar no sobre tan só o seguinte: CONCURSO LITERARIO “30º ANIVERSARIO DAS BIBLIOTECAS DE ARTEIXO”.

3.- Outorgaranse os seguintes premios:

**PRIMEIRO PREMIO:** Vale de 200 euros para adquisición de libros máis unha tablet.

**SEGUNDO PREMIO:** Vale de 200 euros para adquisición de libros.

**TERCEIRO PREMIO:** Vale de 100 euros para adquisición de libros.

4. O xurado estará composto por tres membros do Club de Lectura da Biblioteca de Arteixo, actuando como presidente/a un deles.

5.- O xurado emitirá o seu ditame o día 23 de abril de 2019 durante o acto de celebración dos 30 anos de bibliotecas de Arteixo, ao que deben asistir tres finalistas, que serán debidamente informados previamente.

6.- Os orixinais non premiados devolveranse ás persoas autoras nun prazo non superior a 30 días naturais a partir do ditame do xurado, sempre que o requiran explícitamente e se presenten na Biblioteca Central de Arteixo para recollelos.

7.- A interpretación das presentes Bases corresponde ao xurado.

